

Estimadas familias

En primeiro lugar, queremos pedirvos desculpas pola demora en comunicarnos con vos, estabamos agardando para poder dar información concreta. Vos informamos dos seguintes puntos:

A. O próximo día 9 setembro, as 20:00 horas terá lugar a asemblea da ANPA, co seguinte orde do día.

1. Aprobación de contas do curso 2019/2020
2. Actividades extraescolares 2020/2021
3. Inicio curso escolar 2020/2021
4. Rogos e preguntas

Debido a que nas condicións actuais non é posible facer unha reunión tal e como se viña facendo ata agora, informamos que para acudir a esta asemblea será obrigatorio rexistrarse enviando o documento do Anexo I, por e-mail a fendetestasanpa@gmail.com,. Prazo para inscribirse ata o día 06/09/2020. Aos inscritos vos informaremos de como se levará a cabo dita asemblea (establecendo máis dunha convocatoria, exemplo, 20:00; 19:15 etc... para cumprir a capacidade máxima permitida no lugar onde se celebrará a asemblea)

B. Debido á actual situación da COVID-19, vémonos na obriga de tomar a decisión de NON iniciar ningún servizo de Actividades Extraescolares no mes de setembro, entre outras polas seguintes cuestións:

1. Falta de información concreta por parte das administracións no referente ás actividades extraescolares (posibilidade ou non nas actividades extraescolares de romper as burbullas das clases establecidas).
2. Restricións existentes a día de hoxe na área sanitaria da Coruña, establecidas no DOGA do 7 de agosto, que nos condiciona as actividades de pavillón e ximnasio.

Queremos facervos partícipes desta cuestión canto antes, para que poidades organizarvos.

Seguiremos traballando no mes de setembro, para ver a posibilidade de iniciar coas garantías axeitadas o antes posible (non antes do 1 de outubro).

O que vamos a ofertar a partir do 17 de setembro (inclusive) é unha actividade de servizo de conciliación (LUDOTECA) exclusivamente para aqueles alumn@s que o necesiten (xustificando tal feito), con horario de 16h a 17h15, sen servizo de autobús.

Pregamos que aquelas familias que necesitedes este servizo de conciliación de xeito apremiante, mandedes un e-mail á ANPA: fendetestasanpa@gmail.com, antes do día 09/09/2020 indicando:

* Nome e apelidos d@ nen@

* Data de nacemento

* Días de necesidade de conciliación:

C. O sorteo das actividades pospoñemolo ata que vexamos con claridade a posibilidade de desenrolar as actividades extraescolares.

Esperamos que todos esteades ben, e teñamos un bo inicio de curso. Desexamos vervos moi pronto.

Coidádevos.

Asdo: A Anpa Fendetestas
En Cambre, 1 de setembro do 2020

ANEXO I (Solicitud para acudir asemblea ANPA).

EU	
NAI/PAI/TITOR D@ ALUM@S	
SOLICITO ACUDIR A ASEMBLEA DA ANPA DO DÍA 9 DE SETEMBRO	
E-MAIL	
TELEFÓNO	